

## **SALARIO DA LIBERDADE**

Resolución do 2 de marzo de 2007 pola que se regulan as bases para a concesión de axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

### Beneficiarias

Mulleres que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e acrediten unha situación de convivencia que as poña en risco de sufrir violencia de xénero, e se atopen nunhas condicións económicas que lles impidan afrontar o seu futuro dun xeito autónomo e independente do agresor.

### Cuantía

Periódica, ata un máximo de 12 mensualidades.

A cuantía da axuda establécese en función dos ingresos da solicitante; podendo ser 600, 400 ou 200 € ó mes. Por cada filla/o menor de idade a cargo incrementaranse 50 € ó mes.

### Solicitudes e documentación

- Copia compulsada do DNI, tarxeta de identidade estranxeira ou tarxeta de residencia.
- Declaración responsable de ingresos dos doce meses anteriores á data da solicitude (Anexo II).
- Certificación bancaria de que a solicitante é titular dunha conta, con expresión de códigos da entidade bancaria e sucursal, número de conta e díxito de control.
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero mediante algún documento (orde de protección, sentenza, informe dos servizos sociais ou sanitarios, informe dos servizos de acollida, ou informe do Ministerio Fiscal.)
- De ser o caso, acreditación de discapacidade.
- De ser o caso, acreditación de fillas/os a cargo a través do libro de familia e o informe de servizos sociais ou sentenza judicial de custodia.
- Declaración de axudas públicas solicitadas ou concedidas (anexo III).

**PARA MÁIS INFORMACIÓN 986/357554 CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER DE BAIONA OU EN [www.xunta.es/auto/sqi](http://www.xunta.es/auto/sqi)**